Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES
DOCUMENTO:
Data inicio de exposición: 27-06-2025
Data final de exposición: 15-07-2025
O Porriño, a de de

**Publicación acordo tribunal cualificador**

DANIEL RODRIGUEZ GONZALEZ (1 para 1)
Inspector Principal Jefe da Policia Local
Data de Sinatura: 26/06/2025
HASH: e135e008b54b6bc123b463f4236e34a

O tribunal cualificador do proceso de selección para contratación, de 1 Xestor/a-técnico/a de formación, a tempo parcial (xornada 5 h) para coordinar e realizar o seguimento da actividade docente da Acción Formativa para Desempregados (AFD) do Concello do Porriño ao abeiro das Orde do 1 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para as acción formativas do Plan formativo para o Emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2024-2026, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2024 e 2025 (código do procedemento TR301K), publicada no DOG núm. 132, do 09/02/24; reunido en data 25/06/25, acorda publicar:

**<u>1º.- As alegacións presentadas ao proceso selectivo:</u>**

**1ª.- Alegación presentada por Dª Antía Pérez Lorenzo**, con rexistro de entrada número 2025-E-RC-7113 de data 23/06/25 na cal expón:

*"O meu desacordo coa valoración da fase de méritos do proceso selectivo para o posto de xestor/técnico de formación AFD para o Concello de Porriño"*

E solicita:

*"A revisión de dita valoración de méritos, tendo en contra que os cursos de comercio internacional impartidos na Cámara de Comercio e na CEP, polo seu carácter oficial como cursos de formación para persoas desempregadas e módulo de formación dun grao superior de Comercio internacional, incluen módulos de prevención de riscos laborais e de igualdade."*

O tribunal cualificador procede a revisar a documentación presentada coa solicitude para participar no proceso de selección con rexistro de entrada número 2025-E-RC-6308 de data 03/06/25. Se ben consta o documento referido pola interesada:

- O tribunal constata que no certificado do curso que aporta non figura a relación desagregada de módulos, unidades formativas ou programa do mesmo para poder valoralos; e con respecto á referencia que fai ao curso de igualdade ten unha duración de 8 horas, o que non cumpre coas horas mínimas para ser valorado, tal e como se estipula no Anexo I. Baremo de méritos das bases do proceso de selección, que os cursos serán valorados a partir de 30 horas.

O tribunal acorda desestimar a alegación presentada.

**2ª.- Alegación presentada por Dª Ana Alonso Martínez**, con rexistro de entrada número 2025-E-RE-5133 de data 23/06/25 na cal expón:

*"O 20/06/2025 publicouse o resultado provisional da entrevista e da baremación para 1 posto de Xestor/a-técnico/a de formación, a tempo parcial (xornada 5 h) para coordinar e realizar o seguimento da actividade docente da Acción Formativa para Desempregados (AFD). Tendo en conta o*

Cod. Validación: 3HAL9PAH3OYFEESSTWQSATF43
Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

*documento de autobaremación, a miña nota na fase de valoración de méritos pareceme demasiado baixa. Parece que soamente tivose en conta os estudos (Licenciatura), e ignorouse tanto o curso de ciberseguridade, o certificado Celga e o documento como demandante de emprego. Os documentos foron presentados presencialmente no concello, co número de rexistro: 2025-E-RC6399 pero voltaranse a adxuntar nesta instancia."*

E solicita:

*"Revisión da puntuación provisional tendo en conta o exposto anteriormente (1 curso + Celga + Desempregado)"*

O tribunal cualificador procede a revisar a documentación presentada coa solicitude para participar no proceso de selección con rexistro de entrada número 2025-E-RE-4686 de data 10/06/25 e 2025-E-RE4850 de data 13/06/25. Se ben constan os documentos referidos pola interesada:

- O tribunal constata que lle foron valorados os méritos alegados; o mérito que non lle foi valorado por non consideralo relacionado coa contratación foi a Licenciatura en Comunicación Audiovisual; xa que non foi aportado ningún documento acreditativo de tal relación (asignaturas superadas relacionadas coas tarefas enunciadas na Base 4ª; programa da Licenciatura, etc.)

O tribunal acorda desestimar a alegación presentada.

**<u>2º.- O resultado definitivo do proceso selectivo:</u>**

| 1 xestor/a de formación | | | |
|---|---|---|---|
| **Apelidos e Nome** | **Puntuación entrevista persoal** | **Puntuación fase valoración de méritos** | **Puntuación Final** |
| **ALONSO GONZÁLEZ, MARIA CELIA** | **5,00 puntos** | **2,60 puntos** | **7,60 puntos** |
| PÉREZ LORENZO, ANTÍA | 5,60 puntos | 0,60 puntos | 6,20 puntos |
| SOLIÑO MARTÍNEZ, ANDREA | 3,00 puntos | 2,30 puntos | 5,30 puntos |
| TABOADA REY, ROSA MARIA | 4,00 puntos | 0,90 puntos | 4,90 puntos |
| MARTÍNEZ SUÁREZ, ANA | 4,00 puntos | 0,80 puntos | 4,80 puntos |
| ALONSO MARTÍNEZ, ANA | 4,00 puntos | 0,50 puntos | 4,50 puntos |
| PORTELA IGLESIAS, SANDRA MARÍA | 0,00 puntos | 1,90 puntos | 1,90 puntos |

**Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Presidente do tribunal**

Cod. Validación: 3HAL9PAH3QYFEE5STWQSATF43
Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2